

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS COAS CORTES E MEMORIA DEMOCRÁTICA

8749 *Real decreto 368/2021, do 25 de maio, sobre medidas de acción positiva para promover o acceso ao emprego de persoas con capacidade intelectual límite.*

A disposición adicional sexta da Lei 26/2011, do 1 de agosto, de adaptación normativa á Convención internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade e, baixo o título de medidas «en favor das persoas con capacidade intelectual límite», establece que «O Goberno, no marco da Estratexia global de acción para o emprego de persoas con discapacidade, e no prazo de doce meses, presentará medidas de acción positiva dirixidas a promover o acceso ao emprego das persoas con capacidade intelectual límite, que teñan recoñecida oficialmente esta situación, aínda que non alcancen un grao de discapacidade do 33 por cento. Regulamentariamente, o Goberno determinará o grao mínimo de discapacidade necesario para que opere esta aplicación».

Pola súa banda, o artigo 17.3 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, establece que «o Goberno poderá regular medidas de reserva, duración ou preferencia no emprego que teñan por obxecto facilitar a colocación de traballadores demandantes de emprego», así como «outorgar subvencións, desgravacións e outras medidas para fomentar o emprego de grupos específicos de traballadores que atopen dificultades especiais para acceder ao emprego. A regulación destas farase logo de consulta ás organizacións sindicais e asociacións empresariais máis representativas».

O mandato legal expresado na citada disposición adicional sexta da Lei 26/2011, do 1 de agosto, obriga a adoptar medidas que promovan a inclusión laboral do colectivo descrito, mediante a elaboración dun real decreto a través do cal o Goberno, coa autorización expresada no artigo 17.3 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, regule a definición do que se entende como unha persoa con capacidade intelectual límite para efectos laborais e as medidas concretas de acción positiva destinadas a favorecer a dita inclusión.

O presente real decreto consta de dous capítulos, seis artigos e tres disposicións derradeiras.

No seu capítulo I establécese o que, para os efectos laborais de acceder ás medidas de acción positiva previstas, debe entenderse como persoa con capacidade intelectual límite e os empregadores beneficiarios; unha vez definido o ámbito subxectivo no seu capítulo II, a relación concreta de medidas de acción positiva que mellor se adecuan ao perfil persoal e profesional do colectivo, co obxectivo de promover o seu acceso ao emprego e favorecer as expectativas e opcións de integración laboral no mercado ordinario de traballo. Para iso, modifícase a normativa reguladora vixente, introducindo os axustes necesarios para a súa aplicación ao devandito colectivo, así como a descrición do beneficio recoñecido en cada caso, de acordo coas características e necesidades das persoas con capacidade intelectual límite e co obxectivo de mellorar a súa integración laboral.

En primeiro lugar, modifícase o Real decreto 1451/1983, do 11 de maio, polo que, en cumprimento do previsto na Lei 13/1982, do 7 de abril, se regula o emprego selectivo ou as medidas de fomento do emprego dos traballadores minusválidos, para aplicar o réxime da subvención para o fomento do emprego previsto no seu artigo 7.

Así mesmo, establécese a posibilidade de que os devanditos empregadores soliciten as subvencións previstas no seu artigo 12 con cargo aos servizos públicos de emprego competentes, co obxectivo de introducir as adaptacións necesarias no posto de traballo e eliminar barreiras ou obstáculos que impidan ou dificulten o traballo das persoas con capacidade intelectual límite.

En segundo lugar, modifícase o Real decreto 870/2007, do 2 de xullo, polo que se regula o programa de emprego con apoio, como medida de fomento de emprego de persoas con discapacidade no mercado ordinario de traballo, para establecer que as persoas con capacidade intelectual límite que sexan contratadas polos empregadores serán destinatarias finais deste programa de emprego con apoio.

Por último, modifícase o Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual, para establecer certas peculiaridades aplicables aos contratos para a formación e a aprendizaxe realizados con persoas con capacidade intelectual límite.

O real decreto cumpre cos principios de boa regulación exigible conforme o artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Así mesmo, cumpre cos principios de necesidade e eficacia, pois responde á necesidade de regular medidas que promovan a inclusión laboral do colectivo de persoas con capacidade intelectual límite, mediante a elaboración dun real decreto a través do cal o Goberno, de acordo coa habilitación recoñecida na disposición adicional sexta da Lei 26/2011, do 1 de agosto, regula a definición do que é unha persoa con capacidade intelectual límite para efectos laborais e as medidas concretas de acción positiva.

Cumpre tamén co principio de transparencia, xa que identifica claramente o seu propósito e a memoria ofrece unha explicación completa do seu contido, e foi obxecto de consulta e de audiencia e información públicas.

A norma é proporcional, xa que regula os aspectos imprescindibles para conseguir o seu obxectivo de adoptar medidas de acción positiva para mellorar o acceso ao emprego de persoas con capacidade intelectual límite, sen impoñer obrigacións innecesarias aos destinatarios das medidas.

Cúmprese, ademais, o principio de seguridade xurídica, pois a proposta é coherente co resto do ordenamento xurídico nacional, e efectúa as modificacións necesarias en cada norma específica reguladora das medidas de fomento do emprego para a súa aplicación ao colectivo de persoas descrito. Todo iso xera un marco normativo estable, predicible e integrado, que facilita o seu coñecemento e comprensión e, en consecuencia, a actuación e toma de decisións das persoas e empresas.

Así mesmo, cumpre co principio de eficiencia, dado que non impón cargas administrativas innecesarias ou accesorias.

Con este real decreto avánzase no cumprimento da meta 8.5 da Axenda 2030 para o desenvolvemento sustentable, é dicir, lograr o emprego pleno e produtivo e o traballo decente para todas as mulleres e os homes, incluídos os mozos e mozas e as persoas con discapacidade, así como a igualdade de remuneración por traballo de igual valor.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as organizacións sindicais e as asociacións empresariais máis representativas, así como as comunidades autónomas.

De igual modo, sobre este real decreto emitiron informe o Pleno do Consello Nacional da Discapacidade e da Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais.

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.7.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación laboral; sen prexuízo da súa execución polos órganos das comunidades autónomas.

Na súa virtude, por proposta conxunta da vicepresidenta terceira do Goberno e ministra de Traballo e Economía Social e da ministra de Dereitos Sociais e Axenda 2030, de acordo

co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 25 de maio de 2021,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto, de acordo coa disposición adicional sexta da Lei 26/2011, do 1 de agosto, de adaptación normativa á Convención internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade, establecer un conxunto de medidas de acción positiva dirixidas a promover o acceso ao emprego ordinario das persoas con capacidade intelectual límite que teñan recoñecida oficialmente esta situación, sempre que respondan á definición establecida no artigo seguinte.

Artigo 2. *Persoas con capacidade intelectual límite destinatarias das medidas de acción positiva para o acceso ao emprego.*

Para os efectos previstos neste real decreto e nas distintas normas laborais que regulen medidas de acción positiva para promover o acceso ao emprego das persoas con capacidade intelectual límite, enténdense por tales aquelas persoas rexistradas nos servizos públicos de emprego como demandantes de emprego non ocupadas que acrediten oficialmente, segundo os baremos vixentes de valoración da situación de discapacidade, polo menos un 20 por cento de discapacidade intelectual e que non alcancen o 33 por cento.

Artigo 3. *Empregadores beneficiarios.*

1. Poderán acceder aos beneficios previstos neste real decreto as empresas e as traballadoras e os traballadores autónomos que contraten as persoas con capacidade intelectual límite a que se refire o artigo 2.

2. Tamén poderán acceder aos beneficios establecidos neste real decreto as sociedades laborais e as cooperativas a que se incorporen como socios e socias traballadores ou de traballo as persoas con capacidade intelectual límite a que se refire o artigo 2. No caso das cooperativas, será condición necesaria que a cooperativa optase pola modalidade de asimilados a persoas traballadoras por conta allea, para os efectos da Seguridade Social.

3. Non se aplicará o previsto neste real decreto no sector público, entendendo por tal o incluído no artigo 2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

CAPÍTULO II

Medidas de acción positiva

Artigo 4. *Modificación do Real decreto 1451/1983, do 11 de maio, polo que, en cumprimento do previsto na Lei 13/1982, do 7 de abril, se regula o emprego selectivo ou as medidas de fomento do emprego dos traballadores minusválidos.*

Engádese unha nova disposición adicional terceira ao Real decreto 1451/1983, do 11 de maio, polo que, en cumprimento do previsto na Lei 13/1982, do 7 de abril, se regula o emprego selectivo ou as medidas de fomento do emprego dos traballadores minusválidos, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional terceira. *Persoas con capacidade intelectual límite.*

1. Será de aplicación o réxime de subvención previsto no artigo 7 aos empregadores descritos no artigo 3 do Real decreto 368/2021, do 25 de maio, sobre medidas de acción

positiva, para promover o acceso ao emprego de persoas con capacidade intelectual límite, que contraten por tempo indefinido persoas con capacidade intelectual límite segundo se definen no artigo 2 do real decreto anterior. A contía da subvención neste caso será de 2.000 euros por cada contrato de traballo suscrito a tempo completo.

2. Así mesmo, os empregadores descritos no punto 1 que contraten as citadas persoas con capacidade intelectual límite mediante un contrato indefinido poderán solicitar as subvencións establecidas no artigo 12 con cargo ao Servizo Público de Emprego Estatal, que serán compatibles, se é o caso, co beneficio establecido no punto 1 desta disposición adicional.»

Artigo 5. Modificación do Real decreto 870/2007, do 2 de xullo, polo que se regula o programa de emprego con apoio como medida de fomento de emprego de persoas con discapacidade no mercado ordinario de traballo.

A disposición adicional primeira do Real decreto 870/2007, do 2 de xullo, polo que se regula o programa de emprego con apoio como medida de fomento de emprego de persoas con discapacidade no mercado ordinario de traballo, queda redactada como segue:

«Disposición adicional primeira. *Persoas xordas, con discapacidade auditiva e con capacidade intelectual límite.*

1. Consideraranse tamén destinatarias finais do programa de emprego con apoio as persoas xordas e con discapacidade auditiva, cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33 por cento que, para efectos do tempo mínimo de atención exigido no artigo 7 e das subvencións establecidas no artigo 8, terán a mesma consideración que os traballadores que presentan as circunstancias descritas no artigo 7.2.c).

2. Así mesmo, serán tamén destinatarias finais do programa de emprego con apoio as persoas con capacidade intelectual límite, segundo se definen no artigo 2 do Real decreto 368/2021, do 25 de maio, sobre medidas de acción positiva para promover o acceso ao emprego de persoas con capacidade intelectual límite que sexan contratadas polos empregadores a que se refire o artigo 3 do citado Real decreto 368/2021, do 25 de maio, conforme o establecido no presente real decreto, coas seguintes particularidades:

- a) O tempo mínimo de atención exigido no artigo 7.2. será unha doceava parte da xornada de traballo do traballador con capacidade intelectual límite.
- b) A contía das subvencións establecidas no artigo 8 será de 1.625 euros anuais por cada traballador.»

Artigo 6. Modificación do Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual.

Engádese unha nova disposición adicional sexta ao Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe, e se establecen as bases da formación profesional dual, relativa aos contratos para a formación e a aprendizaxe concertados con persoas con capacidade intelectual límite, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional sexta. *Contratos para a formación e a aprendizaxe concertados con persoas con capacidade intelectual límite.*

Os contratos para a formación e a aprendizaxe que subscriban as empresas con persoas con capacidade intelectual límite axustaranse ao establecido no artigo 11.2 do Estatuto dos traballadores e neste real decreto, coas seguintes peculiaridades:

- a) Para os efectos deste real decreto, enténdense por persoas con capacidade intelectual límite as definidas no artigo 2 do Real decreto 368/2021, do 25 de maio,

sobre medidas de acción positiva para promover o acceso ao emprego de persoas con capacidade intelectual límite.

b) A duración máxima do contrato poderá ampliarse, logo de informe favorable do servizo público de emprego competente que, para estes efectos, poderá solicitar informe dos equipos técnicos de valoración e orientación da discapacidade competentes, cando, debido ao tipo e grao de discapacidade e demais circunstancias individuais e profesionais do traballador, así como ás características do proceso formativo que se vaia realizar, o traballador non alcance o nivel mínimo de coñecementos requiridos para desempeñar o posto de traballo, sen que, en ningún caso, poida exceder os catro anos.

c) As persoas con capacidade intelectual límite poderán realizar no posto de traballo ou en procesos formativos presenciais a formación de módulos formativos que non sexan a distancia.»

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.7.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación laboral, sen prexuízo da súa execución polos órganos das comunidades autónomas.

Disposición derradeira segunda. *Facultades de aplicación e desenvolvemento.*

Autorízanse as persoas titulares do Ministerio de Traballo e Economía Social e do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 para ditar cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación e o desenvolvemento do establecido neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día 1 de xuño de 2021.

Dado en Madrid o 25 de maio de 2021.

FELIPE R.

A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia,
Relacións coas Cortes e Memoria Democrática,
CARMEN CALVO POYATO